

AS GRANDES POTENCIAS (1870-1914)

Que países dominaban a escea internacional e como eran os seus réximes políticos e os seus sistemas económicos e sociais?

No período que vai da guerra francoprusiana de 1871, último episodio das revolucións liberais á Primeira Guerra Mundial, os países europeos creceron economicamente e lanzáronse á conquista doutros territorios.

Pero estes países tamén sufriron algunhas transformacións políticas e sociais: uns consolidaron o liberalismo democrático; outros iniciaron sistemas parlamentarios pero escasamente democráticos, e algúns mantivéronse ancorados no absolutismo. Mentres, EUA e Xapón conformábanse como grandes potencias.

CONTIDOS

- 1 Os Estados liberal-democráticos europeos.
- 2 A Inglaterra vitoriana
- 3 Francia, o modelo de república democrática
- 4 Como se converteu Alemaña nunha gran potencia?
- 5 Austria-Hungría, un imperio autoritario
- 6 A Rusia tsarista
- 7 As potencias extraeuropeas, os Estados Unidos e Xapón
- 8 Por que se enfrontaron o Sur e o Norte dos Estados Unidos nunha guerra civil?
- 9 Que países dominaban a escea internacional entre 1870 e 1914?

EUROPA HACIA 1900



• Que gran nación se constituíu a partir de 1870? Que imperio se estaba desmembrando?

1 OS ESTADOS LIBERAL-DEMOCRÁTICOS EUROPEOS

Na maioría dos países que se industrializaron ao longo do século XIX consolidáronse sistemas políticos liberal-democráticos. Eran réximes constitucionais que establecían a **separación de poderes**, ampliaron o dereito a voto e garantiron, en maior ou menor medida, os dereitos fundamentais. Neles, as diversas opcións políticas se organizaban en partidos que podían propagar as súas ideas e presentarse ás eleccións.

Entre estos países destacaban tres grandes potencias: **Gran Bretaña, Francia e Alemaña**, que eran, a súa vez, exemplo de diferentes fórmulas políticas na Europa do cambio de século.

1.1. Gran Bretaña, a monarquía liberal

Gran Bretaña foi o exemplo de monarquía liberal, durante o longo período do reinado de Vitoria I (1837-1901), denominado **era vitoriana**. O seu sistema político baseábase na alternancia no poder dos dous grandes partidos: os *toríes* (conservadores) e os *whigs* (liberais). A finais da década de 1890, os *whigs* perderon influencia entre os traballadores, que optaron polo novo Partido Laborista.

O proceso de **democratización** do sistema liberal inglés baseouse nas diversas leis de reforma (**Reform Acts**). Os gobernos conservadores e liberais foron ampliando o dereito a voto e, en 1913, excepto os indixentes, os serventes e as mulleres, o resto da poboación podía votar. Ademais, a *Parliament Act* limitou os poderes da Cámara dos Lores (non elixida) e aumentou os da Cámara dos Comúns (única elixida por sufraxio).

Así mesmo, diversas leis foron democratizando a sociedade inglesa: a finais de século, a ensinanza era obrigatoria e gratuíta dos 5 aos 13 anos; en 1906, promovido polo novo Partido Laborista, aprobouse a redución da xornada laboral a 8 horas nas minas e creáronse comisións para instaurar seguros médicos de velez e de paro.

1.2. Francia, do II Imperio á III República

Luís Napoleón Bonaparte, elixido presidente da II República en 1848, realizou un **golpe de Estado** en 1851, co apoio dos sectores máis conservadores. En 1852 proclamou o II Imperio francés e corrouse emperador co amparo do exército, da gran burguesía dos negocios e dos campesiños, temerosos dunha revolución social. O seu mandato caracterizouse por un poder personalista baseado na orde, no crecemento económico e na persecución da oposición.

A boa **conxuntura económica** permitiu unha certa paz social: fixéronse grandes obras públicas (ferrocarril, canal de Suez etc.), creceu a industria apoiada pola banca, e promulgáronse leis para protexer os obreiros (hospitais, pensións etc.). Mais as diferenzas sociais e a falta de liberdades mantiveron unha forte oposición ao réxime do II Imperio. Luís Napoleón emprendeu tamén unha política exterior moi intervencionista (expedición a México, anexión de Niza e da Saboia) que culminou coa declaración de guerra a Prusia.




Eleccións en Inglaterra, a finais do século XIX. A lei fixo obrigatorio o uso de cabinas para garantir o segredo de voto.

DOC.1 A AMPLIACIÓN DO VOTO EN GRAN BRETAÑA

Ano	electores*	poboación (en millóns)
1831	478 000	24
1833	813 000	—
1865	1 430 000	30
1868	2 500 000	—
1883	3 000 000	35
1885	6 000 000	36

*En función das reformas electorais



O emperador Napoleón III coa súa esposa, Eugenia de Montijo, membro da nobreza española, por J.L. Gérôme (1824-1904).

A derrota francesa en Sedán fronte a Prusia (1870) provocou a caída do imperio de Napoleón III e a **proclamación da República**. Deste xeito, Francia converteuse na única das grandes potencias europeas cuxo réxime político era unha república.

A **III República francesa** tiña dúas cámaras lexislativas (Asemblea e Senado) e un presidente electo con poucos poderes. Neste período impulsouse a democratización política: restauráronse as liberdades públicas, instaurouse o sufraxio universal, decretouse a elección dos alcaldes e legalizáronse os sindicatos obreiros.

O asunto internacional que máis dividía a opinión pública francesa eran as relacións con Alemaña, moi conflitivas a raíz do contencioso de Alsacia e Lorena, territorios perdidos en favor de Alemaña durante a guerra francoprusiana (1870-1871). A política exterior francesa neste período xirou arredor deste tema e fraguou alianzas antixermanas.

1.3. A Alemaña de Bismarck

En 1870, unha vez concluído o proceso de unificación política, Alemaña iniciou a construción do novo Estado e converteuse rapidamente nunha gran potencia que aspiraba a dirixir a política europea e a estender polo continente o seu poder e influencia.

A Alemaña do II Reich forxouse baixo a impronta do chanceler **Bismarck** e do káiser **Guillermo I** (1871-1888). O réxime político asentado coa Constitución de 1871 amosaba un forte **compoñente autoritario**. Existía sufraxio universal masculino pero só para a elección da cámara baixa (*Reistag*). Tiña unha estrutura federal aínda que Prusia posuía máis deputados que os outros na cámara dos Estados (*Bundestag*). Ademais, esta era elixida por sufraxio censitario e posuía o poder de propor as leis. Así mesmo, o káiser podía nomear os seus ministros con independencia do parlamento e eles non eran responsables ante a cámara senón ante o mesmo emperador.

As forzas políticas dominantes eran as conservadoras, representantes do vello espírito de Prusia, aínda que o Partido Obreiro Socialdemócrata Alemán se foi impoñendo entre os traballadores.

Porén, para evitar un estalido revolucionario, Bismarck adoptou unha serie de **reformas sociais** que favorecían as clases populares: leis de seguro de enfermidade, de accidentes de traballo, de pensións etc. O caso de Alemaña foi paradigmático dun modelo de cambio entre o autoritarismo e a introdución de reformas democráticas.

DOC.2 O IMPERIALISMO ALEMÁN

A nosa convición é que o Imperio alemán actual, comprimido entre as potencias do leste e as do oeste, está obrigado, para subsistir, a estenderse (...). Non é certo que haxa sitio para todos neste mundo, pero si que o hai para algúns grandes Estados, aos cales, evidentemente, os pequenos deberán someterse. O imperialismo alemán significará, pois, a elevación de Alemaña ao rango de potencia mundial (...).


Ernst Hasse: *Imperialismo e política colonial*, 1906.

DOC.3 ALSACIA E LORENA



1. Que territorios franceses ocupou Alemaña tras a guerra francoprusiana? Por que?

DOC.4 O SISTEMA POLÍTICO ALEMÁN



ELABORA UNHA SÍNTESE

Coa información do texto e dos documentos, podes explicar:

2. Que características comúns presentaban os países con réximes liberais democráticos.
3. Que diferenzas se establecían entre Gran Bretaña, Francia e Alemaña. Que país ten o sistema político máis democrático a finais do século XIX e cal é o máis autoritario. Razónao.

5 AUSTRIA-HUNGRÍA, UN IMPERIO AUTORITARIO

5.1. Austria-Hungría, liberalismo e autoritarismo

No Imperio austríaco, tras a revolución de 1848, volveuse reafirmar unha monarquía autoritaria. Para o problema das nacionalidades no Imperio, a partir de 1867, o emperador Francisco Xosé converteuse tamén en rei de Hungría, reinando sobre unha dobre monarquía: Austria-Hungría (monarquía dual).

O emperador nomeaba, para o conxunto do Imperio, os ministros de Asuntos exteriores, de Guerra e de Finanzas, mentres que cada un dos reinos (Austria e Hungría) tiñan un goberno e un parlamento propios e unha lei electoral propios e encargábanse dos asuntos internos.

Respecto ao goberno, en **Austria**, a Constitución recoñecía as liberdades públicas e constituíuse un Parlamento elixido por sufraxio censitario (universal masculino desde 1908). Deste xeito, o Goberno só era responsable ante o emperador, e este decidía nas cuestións relevantes. En **Hungría**, o sistema era máis restrictivo e os nobres húngaros, grandes propietarios de terras, controlaban os poderes lexislativo e executivo.

O sistema político de Hungría non se correspondía co dinamismo económico dalgunhas zonas do Imperio, nas que se produciu unha importante industrialización (rexión de Viena e Bohemia). A súa economía era a sexta do mundo polo PNB, e produciuse un gran crecemento da rede ferroviaria e dos negocios ligados a ela. Viena tiña dous millóns de habitantes en 1910 e era a terceira cidade máis grande de Europa. A burguesía dos negocios e o crecente movemento obreiro desas zonas reclamaba cambios políticos.

Por iso, grupos de demócratas e de socialistas, a finais do século XIX e principios do XX, pugnaron para acabar coa monarquía dos Habsburgo e instaurar un réxime de parlamentarismo democrático.



Francisco Xosé I de Austria (1848-1916) coa súa esposa Isabel de Baviera, coñecida como Sissi, unha das figuras máis populares da súa época



Viena, cara a 1900. A capital do Imperio era unha das principais cidades de Europa. Modernizada, contaba cunha importante intelectualidade, unha burguesía próspera e un número crecente de obreiros.

DOC.1 A FORMACIÓN DE AUSTRIA-HUNGRÍA



1. Que dous reinos se estableceron en 1867? Que territorios perdeu Austria nesa época? Por que?
2. Que territorio anexionou o Imperio en 1878? Observa o mapa do Doc. 2. A que grupo nacional pertencía?

DOC.2 AS NACIONALIDADES NO IMPERIO AUSTROHÚNGARO



3. Que nacionalidades estaban sometidas en cada un dos reinos?

5.2. Os problemas dun Imperio plurinacional

A finais do século XIX, o Imperio austrohúngaro continuaba sendo un mosaico de nacionalidades e relixións. O acordo da monarquía dual só lle daba solución ao problema húngaro, pero continuaba deixando sen resolver as **aspiracións nacionais** do resto dos pobos do Imperio.

Por isto, checos, polacos, eslovacos, romaneses e eslavos do sur (eslovenos, croatas, serbios etc.) continuaban sometidos a unha ou outra monarquía e mantiñan a súa oposición contra o Imperio.


A esta complicada situación interna únase o conflito xerado nos Balcáns pola **desintegración** paulatina do **Imperio turco**. Desde principios do século XIX, os movementos nacionalistas conseguían desmembrar o seu territorio: en 1928, Grecia conseguiu a independencia e, máis adiante, sucedéronse as de Serbia, Romanía, Bulgaria e Montenegro.

O Imperio austrohúngaro pretendía influír nesa rexión e ampliar o seu espazo a custa do Imperio turco. En 1878 ocupou os territorios eslavos de **Bosnia**. Isto provocou a alarma de Serbia, que se cría destinada a unificar os eslavos do sur e que contaba co apoio de Rusia.


Gran parte das alianzas e dos problemas que conduciron á Primeira Guerra Mundial tiveron a súa orixe nas tensións xeradas na zona dos Balcáns do Imperio austrohúngaro.

DOC.3 NACIONALISMOE RELIXIÓNS

nacionalidades



relixións



► As pelexas entre imperios polo dominio de Bosnia, ante a impotencia de Turquía.

ELABORA UNHA SÍNTESE

Coa información do texto e os documentos, podes explicar:

4. Que características tiña a monarquía dual de Austria-Hungría e como se gobernaba cada territorio.
5. A que problema de nacionalidades se enfrontaba o Imperio austrohúngaro.

6 A RUSIA TSARISTA

6.1. Un territorio inmenso

A finais do século XIX, o Imperio ruso era aparentemente poderoso. Estendíase sobre un territorio inmenso de case 22 millóns de km² e tiña unha poboación de 170 millóns de habitantes. Este extenso Imperio formárase nos últimos 200 anos, no leste, sobre as terras asiáticas e, no oeste, a costa dos pobos da Europa oriental e dunha parte do desmembrado Imperio turco.

A súa forza era só aparente porque presentaba enormes desequilibrios. Grandes zonas do Imperio estaban case deshabitadas, a poboación concentrábase no oeste, a súa economía era esencialmente rural e arcaica, e estaba constituído por un mosaico de nacionalidades, linguas e relixións.

6.2. A autocracia tsarista

Rusia era o grande Imperio tradicional que quedaba en Europa a finais do século XIX, mantiña unha monarquía absoluta na que o tsar tiña un poder autocrático que proviña de Deus. Gobernaba por decreto (*ukase*) e ninguén nin ningunha institución podía controlar ese poder.

Para exercer o seu dominio, o tsar sustentábase en catro grandes institucións: unha enorme e poderosa **burocracia**, un **exército** dirixido pola nobreza, unha **policía** que se encargaba de manter a orde pública e a **Igrexa ortodoxa**, que tiña grande influencia na poboación e que bendecía o tsar e a sociedade estamental.


6.3. Unha sociedade tradicional

En Rusia existía unha **poderosa aristocracia**, que posuía inmensos territorios nos que se mantiña unha estrutura rural e señorial, á marxe das transformacións europeas. A miseria da poboación humilde e a riqueza dos poderosos era maior aínda que noutros países europeos.

A servidume persoal estaba vixente, os campesiños non podían abandonar as terras e eran vendidos con elas. Cultivaban as parcelas cedidas polos señores en réxime de comunidade e debían pagar censos en traballo e en metálico. Existían algúns medianos propietarios agrícolas máis acomodados, pero eran a minoría. A miseria entre os campesiños provocaba miles de mortos e revoltas no campo.

Coa chegada ao poder do tsar **Alexandre II** (1855-1881) e ante a grave situación económica, iniciáronse unha serie de **reformas** na administración, no ensino e no exército.

DOC.1 NACIONALIDADES DO IMPERIO



1. Cantas nacionalidades integraban o Imperio? Cal era a máis numerosa?

DOC.2 A MISERIA CAMPESIÑA

A alimentación dos campesiños é moi simple e uniforme: pan de centeo, sopa de col e gachas constitúen diariamente as súas comidas ao mediodía e á noite, e iso os días que cean (...). É moi raro que haxa carne na mesa dos campesiños, só a proban nos días de grandes festas. Os legumes son escasos (...) e as patacas, practicamente descoñecidas (...). As froitas destínanse á venda e, nas rexións do norte, son case descoñecidas.

Informe dun oficial do exército sobre a provincia de Riazan, 1860.



A coroación de Nicolás II no Kremlin, 1896

DOC.3 A EXPANSIÓN DO IMPERIO RUSO



2. Que territorios anexionou Rusia desde 1533?

6.4. As reformas de Alexandre II

A reforma máis importante de Alexandre II foi a **abolición da servidume** (1861). Porén, os campesiños quedaron decepcionados porque, aínda que se lles permitía comprar as súas terras, para a maioría isto era imposible. Só os máis acomodados se puideron permitir facelo e compraron terras de campesiños pobres, o que orixinou unha nova burguesía rural (*kulaks*). Mentres, outros moitos caeron na miseria (*mugics*) e tiveron que emigrar ás cidades en busca dun traballo.

Alexandre II tamén impulsou a **industrialización** do Imperio e a construción do ferrocarril, un medio de transporte indispensable para comunicar un territorio tan inmenso. Pero o capital interior, en mans da aristocracia rural, non estaba demasiado interesado na industria.

Deste xeito, recorreuse a **investimentos estranxeiros** que procedían esencialmente de Francia, Bélxica, Inglaterra e Alemaña. Isto provocou unha rápida industrialización, concentrada en determinadas zonas de Rusia (San Petersburgo, Moscú, Ucraína, Baku, os Urais...).


O asasinato de Alexandre II a mans de revolucionarios paralizou as reformas e supuxo un retorno ás formas autoritarias tradicionais. Nesas circunstancias, as **doutrinas revolucionarias** (anarquismo, marxismo etc.) enraizaron profundamente entre parte do campesiñado e do incipiente proletariado.

DOC.4 A ABOLICIÓN DA SERVIDUME

1. Abólese para sempre a servidume dos campesiños que pertencen aos terratenentes (...).
3. Gardando o dereito de propiedade (...), os terratenentes cederanlles aos campesiños, en usufruto perpetuo a cambio dun censo: as casas e as súas dependencias (...) e unha parte das terras cultivables que se determinen (...).
4. Os campesiños deberán pagarlle ao terratenente prestacións en diñeiro ou en traballo (...).
5. Co consentimento do terratenente, os campesiños poderán adquirir (...) as súas casas e as súas terras.

Manifesto de Emancipación, 1861.

DOC.5 A INDUSTRIALIZACIÓN DO IMPERIO



ELABORA UNHA SÍNTESE

Coa información do texto e dos documentos, podes explicar:

3. Que características territoriais presentaba o Imperio ruso. Como estaba gobernado e que sistema económico e social mantiña a mediados do século XIX.
4. Que reformas se introduciron co tsar Alexandre II, por que se paralizaron e que consecuencias se derivaron disto.

7 AS POTENCIAS EXTRAEUROPEAS: OS ESTADOS UNIDOS E XAPÓN

7.1. A expansión dos Estados Unidos de América

As trece colonias inglesas da costa leste norteamericana, que declararan a súa independencia en 1776, convertéronse no embrión dunha **nova nación**: os Estados Unidos de América. Ao longo do século XIX, anexionaron á Unión vastos territorios por conquista ou adquisición.

A partir de 1840-1850 produciuse un crecemento vertixinoso da **emigración branca** cara aos Estados Unidos. Os emigrantes europeos buscaban oportunidades de traballo e terras na nosa nación e asentáronse esencialmente nos Estados do norte. O seu crecente número empuxou á conquista de novas "fronteiras" e conduciu os colonos da costa leste **cara ao oeste** e dos Grandes Lagos ao Río Grande.


O avance cara ao oeste foi unha historia de guerra e exterminio dos indios para permitir o asentamento de agricultores e gandeiros brancos, cuxa actividade era incompatible co sistema de caza en enormes extensións practicado polos indios.

A partir de 1849 desencadeouse un verdadeiro expolio das terras indias. Asediados por granxeiros, gandeiros, cazadores de bisontes e polo propio exército, as tribos indias foron decimadas e condeadas a reservas áridas, nas que escaseaba a caza. A finais de século as nacións indias foran practicamente exterminadas.

O enfrontamento norte-sur


Entre os Estados do norte e do sur existía unha división. Os do sur optaban por un modelo máis agrario e escravista e defendían un poder case total dos Estados. Os do norte querían a implantación do capitalismo industrial, a abolición da escravitude e unha maior autoridade do poder federal.

Estas divisións levaron a unha cruenta e longa guerra civil (**Guerra de Secesión**, 1861-1865) da que saíu vitorioso o norte, os "ianquis". Impúxose o seu modelo de sociedade sen escravos, industrialista e profundamente capitalista (ver *Resolve a cuestión*).



Colonos atravesando as Grandes Chairas de Nebraska, en dirección cara ao oeste.

DOC.2 INMIGRACIÓN EN EUA



DOC.1 ESTADOS E TERRITORIOS DOS EUA EN 1850



DOC.3 A DESTRUCCIÓN DAS NACIÓNS INDIAS

Cando era mozo paseaba por todo o país de leste a oeste e só vía apaches. Cando pasaran moitos veráns, volvíñ pasear por este país e descubrín que chegara outra raza de homes para apoderarse del. Como é posible? Como é o que os apaches xa só esperan a morte? Como é que a súa vidas ten tan pouca importancia e ningún significado? Vagan polas montañas desexando que o ceo caia sobre as súas cabezas. Anos atrás terían sido unha gran nación, agora só quedan uns poucos e, por iso, queren morrer e levar con eles as lembranzas á tumba.

Declaracións de Cochise (1812-1874), xefe apache.

O triunfo do capitalismo

Desde o último terzo do século XIX, os Estados Unidos iniciaron unha imparable ascensión económica. Era un país de enormes recursos naturais, no que un bo número de homes emprendedores investiron en fábricas e en negocios. Puxéronse en cultivo grandes extensións de terra que daban cereais e carne en abundancia. O trazado e construción do **ferrocarril** conectou o leste industrial co oeste agrario.

A finais do século XIX, os Estados Unidos apareceron na escea internacional convertidos nunha **gran potencia** e preparados para competir cos intereses europeos en todo o mundo.

Ao mesmo tempo produciuse unha renovación das súas **estruturas políticas**: adoptouse o sufraxio universal masculino, volvéronse electivos moitos cargos que antes non o eran e consolidáronse os dous grandes partidos: republicanos e demócratas.

7.2. A modernización do Xapón

Cara a 1850 o Xapón era un **imperio feudal**. O emperador era considerado un deus, pero non exercía de feito ningún poder. O goberno estaba en mans dun *shagun* (xeneral) de quen dependía unha nobreza feudal propietaria das terras, que tiña baixo o seu dominio un campesiñado moi pobre e exércitos de guerreiros (samurais). Existían artesáns e comerciantes, pero o seu papel era reducido, xa que o comercio co exterior estaba prohibido.


Na segunda metade do século XIX, a chegada de norteamericanos e europeos ao Xapón e a esixencia, ante a súa superioridade militar, de acordos comerciais abusivos, xerou a repulsa popular contra o shogunato (goberno militar) e favoreceu que o novo emperador Mutsuhito tomase as rendas do poder. Foi a denominada **Revolución Meiji** (1868), que renovou as arcaicas estruturas do Xapón.

No ámbito político propúxose unha certa democratización, aínda que moi limitada. Cara ao 1890 adoptouse unha **Constitución** inspirada na de Alemaña, pero na que se continuaban reservando todos os poderes para o emperador.

En economía, o Xapón abriuse ás novas técnicas occidentais e constituíu o primeiro exemplo de **crecemento industrial** ordenado e dirixido desde o Estado. O emperador invitou multitude de técnicos e profesores estranxeiros e moitos mozos xaponeses foron estudar a Europa. Animáronse os samurais a se converter en capitáns de empresas e a dedicarse aos negocios e construíronse con fondos públicos as primeiras industrias.

Os resultados foron un éxito: desenvolveuse o sector téxtil e metalúrxico, a rede ferroviaria, a construción naval etc., en parte debido á abundante e disciplinada man de obra e á constitución de grandes grupos industriais (*zaibatsu*), con apoio constante do Estado. Xapón converteuse, deste xeito, nunha potencia industrial e as súas aspiracións hexemónicas levárono a exercer o **imperialismo** en Asia.

DOC.4 O PESO ECONÓMICO DAS GRANDES POTENCIAS EN 1913



5. Describe o peso económico das diferentes potencias. Que lugar ocupaba EUA? E o Xapón?



Estampa xaponesa na que se amosa o desenvolvemento do ferrocarril en Hiroshima, 1880.

ELABORA UNHA SÍNTESE

Coa información do texto e dos documentos, podes explicar:

6. Como se converteron os EUA nunha nación cun enorme territorio e nunha gran potencia económica.
7. Cando e por que no Xapón se inicia un proceso de industrialización e cales foron as súas características.